



MODELO SILVÍCOLA	EG1
ESPECIE:	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill. Aplicable tamén a especies de eucaliptos de casca fibrosa, en plantacións puras ou mesturados con <i>E. globulus</i> .
OBXECTIVO:	Madeira para pasta/trituración, diámetro obxectivo aos 12 anos de 25 cm.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Distritos I, II, III, IV e V (A Coruña), Distrito VI (Lugo), Distritos XVI, XVII, XVIII e XIX (Pontevedra).	

REXENERACIÓN	
Marco e densidade de plantación	1.000-1.600 plantas/ha. O máis recomendable é un marco de 3,5 (distancia entre filas) x 2 m (distancia entre plantas). Aconséllase deixar unha distancia mínima de 3,5 m entre filas, para facilitar a mecanización das operacións posteriores. Densidades maiores dan peche de copas antes, pero encarece a plantación. Cumprimento das distancias mínimas establecidas en anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Reposición de marras e roza total no primeiro ano. Mantemento mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas liñas de plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Mínimo de dúas rozas por quenda. Recomendable aboado de implantación NPK 8/24/16; disposto a 30 cm do colo da raíz, a ambos os dous lados. Fertilización de mantemento recomendable, en particular antes da tanxencia de copas e tras recepe para favorecer rebrote, en particular se retiramos a casca e os restos de corta.

TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	
Selección de abrochos	Segundas e terceiras quendas, selección de 1-2 dos mellores abrochos por pé. Trituración de restos, retirada para o seu aproveitamento ou acordado ou espaxado segundo lexislación vixente.
Podas	Non recomendadas.
Desmestas	-
Rareas	-

CORTA FINAL DE REXENERACIÓN	
Idade de corta	12-16 anos segundo calidade de estación. Produción esperable de 100 a 350 m ³ cc/ha ano segundo calidade de estación.
Métodos de corta	Corta a feito con tratamento de restos ou retirada para aproveitamento. Rexeneración por rebrote ou replantación en caso de fallos de rebrote ou interese por cambiar o material xenético. Recoméndase en todo caso que tras 3 quendas se proceda a rexeneración da masa mediante plantación artificial.